CESGA

díxitos

NOVAS DO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

XULLO 2008

COMPUTATIONAL SCIENCE

CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, E INDUSTRIA

FEDER
FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL

dixitos

Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

DIRECCIÓN
Javier García Tobío

COORDINACIÓN
Fernando Bouzas Sierra

REDACCIÓN
María Piñeiro
Sandra Rodríguez (ipuntocom)

COLABORACIÓN
Andrés Gómez Tato
Carlos Fernández Sánchez
Ignacio López Cabido

PORTADA E MAQUETACIÓN
Yolanda González

FOTOMECÁNICA E IMPRESIÓN
Artes Gráficas Litonor

DEPÓSITO LEGAL
C-1604-1998
ISNN
1139-563X

EDITA
FUNDACIÓN CESGA
Avenida de Vigo s/n (Campus Sur)
15705 Santiago de Compostela
Teléfono 981 569 810
Fax 981 594 616
dixitos@cesga.es

CONTIDOS

De esq. a drta.: Salustiano Mato, Presidente do CESGA, Carlos Martínez, Secretario de Estado de Investigación, Emilio Perez touriño,

CESGA FINISTERRAE C

Os pasados dias 12 e 13 de xuño o CESGA presentou oficialmente o supercom sucederon en diferentes localizacións.

CESGA Finis Terrae Computational Science Conference.

Máis de oitenta investigadores usuarios dos servizos do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), xunto con outros investigadores e xestores de infraestruturas de toda España e Europa, asistiron á FinisTerrae Computational Science Conference, a xornada intensiva de traballo que tivo lugar o 12 de xuño, con anterioridade aos actos de presentación do novo supercomputador FINIS TERRAE. Técnicos do CESGA, usuarios que participaron nos retos lanzados contra o ordenador no seu período de probas e expertos internacionais, presentaron diversos relatorios en torno á ciencia computacional e ás posibilidades do novo supercomputador.

Durante a sesión, responsables do CESGA explicaron o plan estratéxico do centro para o período 2008-2012, centrado na súa evolución cara ao futuro "Computational Science Research Centre", coñecido tamén como C2SRC.

Os obxectivos do plan estratéxico son continuar mellorando a resolución das necesidades diarias de supercomputación dos usuarios; contar con diferentes sistemas operativos baseados en software aberto que poidan correr tanto cos códigos novos como cos antigos

Presidente da Xunta de Galicia, Fernando Blanco, Conselleiro de Industria, autoridades e invitados durante a visita ás instalacións do Finis Terrae no CESGA.

OMPUTATIONALSCIENCECONFERENCE2008

putador Finis Terrae. Autoridades, xestores, usuarios e público xeral participaron nas xornadas científicas e actos que se

que seguen sendo eficientes; complementar a oferta existente, en lugar de duplicala; facer simulación numérica aplicada á industria; reducir o tempo de espera dos usuarios e optimizar tanto a "capability" como a "capacity" da instalación.

En definitiva, as actuacións previstas para os próximos catro anos diríxense a mellorar a competitividade da comunidade científica; captar investimentos do sector privado; atraer talento do exterior e reter o local; e contribuir á excelencia na ciencia computacional.

O futuro C2SRC

O CESGA afronta este mesmo ano o seu proceso de evolución ao C2SRC, para o que está prevista a incorporación de ata 140 investigadores e tecnólogos ate 2012. Para captar estes expertos cóntase coa colaboración das universidades galegas e do CSIC e aproveitarase o programa IMAN da Xunta de Galicia, dirixido á captación de investigadores de prestixio, ademais de lanzar convocatorias abertas.

A creación do novo centro de excelencia ten a súa orixe na combinación de varios factores: a decisión do Goberno galego de facer fincapé en cinco áreas determinadas de investigación entre as que se atopa a ciencia computacional, a decisión do Ministerio de Ciencia e Innovación de instalar en Galicia unha nova infraestrutura científico-técnica singular e a decisión do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) de crear unha infraestrutura de cálculo avanzada para a comunidade investigadora aproveitando os quince anos de experiencia do CESGA.

En materia de ciencia computacional, priorizaranse catro áreas de interese estratéxica para Galicia, que presentan unha grande demanda de cálculo e son singulares: Ciencias da Vida, Nanotecnoloxía, Ciencias do Mar e Novas Enerxías, ás que se suman a Supercomputación e a Simulación Numérica como áreas propias.

"CONSTELACIÓN", A NOVA SEDE DO CESGA, SAE A CONCURSO

A data límite para presentar as propostas é o 26 de setembro de 2008.

O concurso seleccionará a mellor idea para posteriormente elaborar o Proxecto Técnico-Básico e de Execución, e a Dirección de Obra para o novo edificio do CESGA, cun orzamento de 22 millóns de euros, e unha superficie superior a 16.000 m² no Parque Empresarial de Santiago de Compostela "A Sionlla".

Será un complexo arquitectónico, con todas as instalacións e infraestruturas necesarias para as dúas areas de traballo do CESGA: O Centro de Investigación en Ciencia Computacional e o Centro de Servizos, Innovación e Xestión.

No primeiro desenvolverase a actividade científica do persoal investigador, con 70 postos de traballo para investigadores, 40 para investigadores sénior e 12 visitantes. O Centro de Servizos aloxará e xestionará as infraestruturas de supercomputación e comunicacións e outros servizos, con mais de 100 postos de traballo e 800 m² de sala de supercomputadores.

Toda a información referente ao concurso na páxina web do Colexio de Arquitectos de Galicia: www.coag.es

FINISTERRAE's ARCHITECTURE

by Ignacio López Cabido, Technical Deputy Director, CESGA

Finis Terrae is a complete solution intended to solve the problems of the community of researchers using CESGA. One fundamental aspect has been taken into account in its design, the coexistence of great computational challenges with other kinds of simulation, perhaps more common, but important as well. On the one hand, the system allows solving huge problems that require thousands of processors and enormous amounts of memory of up to 20 TeraBytes. On the other hand, many times the user's application does not allow a scaling to a significant number of processors, no more than 4 or 8 in many cases, but it is necessary to deal with a large amount of data under the paradigm of shared memory.

Finis Terrae is made up of the following blocks:
- rx7640 Computing Nodes
- Superdome Computing Nodes
- Infiniband Interconnection Network
- HP-SFS Storage System
- Login nodes/file servers
- Tape Library

The computing nodes are the elements intended to solve the mathematical operations of the simulations and there are two kinds of them in Finis Terrae: Rx7640 and Superdomes.Both kinds of nodes have the same architecture and from the user's point of view, the only difference between them is the size of the node. The HP Rx7640 are servers with 16 processor cores and 128 GB memory, while the main HP Superdome node has 128 processor cores and 1TB memory.The system also includes other two 64-processor Superdomes, which provide an additional 384 GB of main memory.

Internally, each of the nodes is constituted by the union of cells as shown on the image. In the case of the Rx7640 nodes there are two cells, while the Superdome has 16. Each cell has 4 last-generation 1.6 GHz Itanium Montvale processors, each of which incorporates two processor cores and 18 MB cache. The cell also provides a 64 GB memory block. One-cell processors access the local memory of their cell through the 'cell controller' and there exists an interconnection of the different cell controllers that allows each processor to access directly the remote cell memory as well, practically at the same speed, but with a slightly greater latency. The architecture of the system is thus ccNUMA: within each computing node, each processor accesses



directly all the memory, although the access time is slightly different depending on whether we are inside the local cell or we are accessing a remote one. The operating system is in charge of arranging each processor's affinity to its cell's memory, trying to put the data accessed by each processor in their local cell.



The cells are linked by three different pathways. In the case of the Superdome, the 16 cells are interconnected by means of a network of Crossbar type switches in a two-level architecture.



The different computing nodes can work with independent users' problems, that is, each user work is executed within one single node, but of course for work requiring the utilisation of more processors or more memory than that available in one node, therefore the system has an Infiniband communications network. This network has as its most important characteristics the 16 Gbps high interconnection band width, as well as a very low latency, that for the user is 6 microseconds. Each of the computing and storage nodes is connected directly to a large central switch, so every pair of system elements can always communicate at the same speed.

Another important element in the Finis Terrae solution is the HP-SFS storage system. It is a parallel storage system, made up of a total amount of 20 servers that have 72 cabins connected to 864 SATA type disks. The system acts as a great 216 Terabytes hard disk, shared by all the computing nodes, in a way that the information of this system can be accessed from any of them and at a high speed. Parallel supercomputing systems need to treat and store great amounts of information, and it is only possible to do this at a high speed with parallel storage systems such as this one, based on Lustre free/libre software.



The computing nodes are reserved for the users' problems execution, so the system has some login nodes, which are the servers to which users connect and from which they can send and check the state of their works, etc. There exists a redunded configuration that also provides access to the rest of CESGA's storage cabins, where users' permanent data are normally located, available in the home directory.

The system has, at the same time, a tape library that provides a storage capacity of 2,2 Petabytes of information, in its 1424 slots of LTO4 type tapes. The library has 12 reading units that allow a high transference speed, of almost 3 Gigabytes/seg.

Finally, we have to say that all the system components work using Linux operating system, in its SuSe version.

FINISTERRAE USER'S GUIDE

by Carlos Fernández Sánchez, Systems Administrator, CESGA.

The new user's guide of the supercomputer Finis Terrae is at the users' disposal on CESGA's web page (www.cesga.es, under the Computing section). In this article we will try to present some basic concepts for the optimum use of Finis Terrae as an introduction for users.

Users with an account at CESGA have access to the new server Finis Terrae at the moment. Given the complementarity between this system and the SVG cluster, users can choose which one to utilise depending on the computational requirements, as image 2 shows.

When users connect to the system, they access the login servers, from which they can send jobs to the queue system, check the state of their jobs and do file moving operations. In order to be able to compile applications and run tests with few computational demands, it is necessary to use the command compute in order to access the computing nodes in interactive mode.

In order to store and process information, there are different storage spaces (filesystems) available for users, not only to store data, but also to use as temporal directory during the execution of jobs (scratch). The home directory should be used only to store critical information, for its storage capacity per user is very limited, while the HP-SFS system allows storing a great amount of information (Terabytes per user) and it is accessible with a large bandwidth from all the nodes. Therefore, it is the storage system that should be used for parallel computing simulations.

The way to send and check the state of the jobs in Finis Terrae uses the same commands and parameters as in the other computing servers available at CESGA, except for the new way of sending parallel jobs, depending on the parallelization scheme they use (MPI, OpenMP or hybrid). Specifically, to send purely MPI jobs, the option –pe mpi number_of_processors must be used, and for OpenMP parallel jobs the option num_proc=number_processors should be used. If the parallelization scheme is hybrid (OpenMP and MPI), both options should be combined and the total number of processors dedicated to the job will be the result of multiplying the values introduced in the fields num_proc and –pe mpi. In image 1 and in the user's guide more information is provided about how the queue system places the parallel processes depending on the combination of options used. In the processes layout default scheme (mpi option), the system tries to place the greatest number of processes in the same node. If the option mpi_rr is used, the processes are distributed in all the nodes available, placing the smallest number of processes per node.

The queue system automatically assigns the priority of the jobs, depending on the previous utilization of the system by the user and of the resources required. The execution of parallel jobs with a great number of processors and high memory demands are also priorized, given that for those simulations with low parallelization levels that do not require more than 4GB of memory, the SVG server can be used.

Regarding the maximum resource limits that can be applied for through the queue system, it is important to highlight that they can be surpassed through the special resource application form, available on the web (in the Special Resources section), with which the prioritization of those jobs that require an immediate ending period for special circumstances is also possible.

Regarding future improvements, we could emphasize the upgrade of the HP-SFS software, planned for July 15, as well as verification tests of the nodes where the jobs are going to be executed, in order to guarantee that they do not show any problem and that the performance obtained will be correct. Another planned improvement consists in completely isolating the jobs of the different users by means of processing environments closed in a way that we could guarantee that there are no interferences among them and that the resources

FINIS TERRAE	SVGD
Capability computing	Throughput and Capacity computing
Parallel jobs (>4 ... 2528 cores)	Sequential jobs (up to 8 cores)
Huge memory (>4... 19TB)	Low-medium memory (<8GB)
Huge parallel scratch (>50... 390,000GB)	Low-single node scratch (<100GB)

Shared storage: /COMPARTIDO /sfs
Linux O. S.
Grid Engine Batch Scheduler

Fig 1: Complementarity of Systems SVG and Finis Terrae



Fig 2: Distribution of MPI processes on the nodes of Finis Terrae depending on the queue system options

FINISTERRAE TOOLS AND APPLICATIONS

by Andrés Gómez Tato, Applications and Projects Dept. Manager, CESGA

The installation of Finis Terrae meant a change in the way of executing applications at CESGA. When Finis Terrae came into operation, the modules system was incorporated for the configuration of the user's scope according to the application or applications that are to be used. This system automatically configures the field variables needed for a proper execution of the application, facilitating the management of the great number of applications installed. Other important changes were the choice of the ELMER free/libre software as the partial substitute of ANSYS multiphysics simulation software and the change to Intel´s compilers and development and analysis tools. Among these tools, we can find CMKL Math libraries that include BLAS, LAPACK or ScaLapack.

The performance of these libraries as well as that of general use applications was analysed during the tests run previous to bringing FT into operation. In the CMKL libraries tests, the substantial improvement of the output obtained was confirmed (see image 1), practically doubling the number of operations per second in relation to what was obtained in the same test with the HP Superdome, despite the fact that the clock frequency was increased only by 0,1 GHz. This improvement in the output is also noticeable in the applications that were tested, such as Gaussian 03, where the execution times for the tested methods are substantially lower to those obtained with the HP Superdome (see image 2). This improvement is also substantial when models that need a great amount of disk are executed thanks to the SFS storage system (see image 3).

The Applications and Projects Dept. run these tests within the scope of their work to support CESGA´s users. This task includes, among other services, the installation, adaptation and compilation of scientific applications; the help in the parallelization of users' programmes, in the selection of scientific libraries or in the utilization of development tools; and the development of small scientific computing or data analysis applications.



Img 1: Comparison between the output of the Finis Terrae and the HP Superdome for the DDOT function. The significant increase in the output between both systems can be noticed.



Img 2: Comparison between the execution times for different Gaussian 03 calculus methods in HP Superdome and Finis Terrae. It can be clearly noticed that the Finis Terrae notably improves the execution times in all cases.



Img 3: Comparison of the execution times when the SFS or the local storage are used.

Esq: Leif Laaksonen, Presidente do e-IRG.
Drta: Christian Saguez, Presidente de Ter@tec

PRACE e TER@TEC: o futuro está en compartir recursos

A Computational Science Conference 2008 contou coa presenza de representantes dos proxectos PRACE e Ter@tec, dúas iniciativas europeas baseadas na colaboración e o compartimento de recursos de HPC para mellorar as capacidades e a competitividade da comunidade investigadora e a industria.

O Partnership for Advanced Computing in Europe (PRACE) foi presentado polo Director de Colaboración do CSC Finlandés (Finnish IT Centre por Science), Leif Laaksonen, que explicou que o proxecto ten como obxectivo crear un servizo paneuropeo de High Performance Computing ao servizo da comunidade científica da UE.

Segundo Laaksonen, a supercomputación implicou un cambio importante na ciencia e a enxeñaría ao longo da última década e os retos médicos, o cambio climático e outros desafíos de futuro precisan de importantes recursos de simulación. Dado que Europa está por detrás dos Estados Unidos en capacidade de cálculo e que a folla de ruta da European Strategy Forum on Research infraestrutures (ESPRI) xa recoñecía en 2006 a necesidade de mellorar a potencialidade da UE en HPC, a iniciativa para poñer en marcha o PRACE foi recoñecida como un proxecto estratéxico do 7º Programa Marco na súa fase preparatoria, que durará ata 2010, e que comezou cun "call for projects".

PRACE parte da base de que a estreita cooperación entre os centros de supercomputación locais, rexionais e estatais facilitará o acceso a recursos computacionais de grande envergadura para científicos e enxeñeiros das universidades e da industria. Por agora adheríronse a este consorcio de HPC 16 países europeos, entre os que se atopa España.

Laaksonen expuxo que a clave do éxito do proxecto son os desenvolvementos técnicos necesarios para permitir a funcionalidade dunha infraestrutura de supercomputación distribuída, a escalabilidade e optimización do software de aplicacións e a avaliación de prototipos dos futuros computadores.

O obxectivo de PRACE para o ano 2010 é instalar un sistema petaflop/s, é dicir, con capacidade para realizar mil billóns de operacións por segundo. A nivel xurídico, os seus promotores propuxéronse constituír a infraestrutura de investigación baixo unha única entidade xurídica, segundo explicou o representante do consorcio. "Estamos a falar dunha comunidade de colaboración virtual, que é ao que todo indica que nos diriximos no futuro en todos os ámbitos".

Cooperación ciencia-industria

O presidente de Ter@tec, Christian Saguez, analizou as liñas xerais do que os seus promotores denominaron 'Ecosistema Europeo da HPC'', explicando que Ter@tec foi creado para promover o uso da simulación numérica e do cálculo de alto rendemento a través da cooperación científica entre investigadores e industria.

Saguez coincidiu en que a simulación numérica é estratéxica para os retos científicos, pero tamén para a creación e o desenvolvemento de novos produtos e servizos por parte da industria. Neste contexto naceu Ter@tec en 2005, coa intención de contribuír ao desenvolvemento do coñecemento, "pero tamén ao desenvolvemento económico", puntualizou o seu presidente para subliñar o compoñente empresarial do cluster, no que se inxectaron 50 millóns de euros nos últimos anos.

Actualmente, Ter@tec é unha organización sen ánimo de lucro con 53 membros, entre empresas de informática, industrias usuarias e universidades e centros de investigación. A súa capacidade actual é de 50 teraflops e está previsto aumentala a 300 en 2009, co obxectivo de 1 petaflop/s para 2010. Ademais, está asociado ás principais iniciativas internacionais para a creación de consorcios de supercomputación, como PRACE e outras de Xapón e os Estados Unidos.

No futuro de Ter@atec, segundo expuxo Saguez, aparece un grande complexo dedicado á supercomputación de 15.000 metros cadrados preparado para acoller un millar de investigadores e enxeñeiros en 2010. No centro situarase un Very Large Computer Center de 2.600 metros cadrados, arredor do que está previsto configurar un auténtico campus cunha incubadora para empresas start-up, un instituto de formación e dous laboratorios dedicados a Arquitectura e Sistema e ao Deseño de Sistemas Complexos.

Mais información en
www.prace-project.eu e en **www.teractec.eu**

Necesidades Computacionais para a Ciencia de Materiais

A simulación en materiais aumenta as demandas de supercomputación

As necesidades de supercomputación na área da Ciencia de Materiais estanse incrementando de forma moi notoria, sobre todo no ámbito da simulación de tipo atomístico. As principais demandas dos investigadores deste campo de coñecemento foron expostas na Finisterrae Computational Science Conference por Pablo Ordejón, profesor de investigación e group leader de Teoría e Simulación do Centro de Nanociencia e Nanotecnoloxía (CIN2) do CSIC, que explicou que estas necesidades son importantes desde o punto de vista do equipamento de HPC, pero tamén do soporte de programación, cada vez máis relevante para sacar partido aos supercomputadores masivamente paralelos.

Os elementos básicos da simulación no campo dos novos materiais son, desde o punto de vista deste investigador e desenvolvedor, un modelo de interacción, un algoritmo de simulación e ferramentas de análises.

Ordejón expuxo que na súa área é importante contar con infraestruturas de cálculo cada vez máis rápidas e potentes, pero puxo ao mesmo nivel contar con soporte profesional para que o investigador poida centrarse nos aspectos científicos do proxecto en lugar de nos computacionais.

Cada vez máis presentes

O group leader do CIN2 xustificou a súa afirmación de que os novos materiais son un tema de investigación moi importante sinalando que a súa presenza en todas as facetas das nosas vidas vai en aumento. "Están desde nos nosos computadores portátiles ata nos protectores solares", asegurou. Neste sentido, indicou que o 26% das horas de cálculo da Rede Española de Supercomputación (RES) consumidas polos investigadores das áreas de Química e de Física e Enxeñería están relacionadas con materiais, o que supón 15,6 millóns de horas ao ano.

Á súa vez, destacou o imprescindible papel que a simulación cumpre no desenvolvemento da Ciencia de Materiais indicando que a experimentación non permite chegar a todos os aspectos básicos. Segundo Ordejón, a simulación é un virtual lab que chega onde a experimentación non pode, permite recrear condicións impensables a escala real e, o máis importante, fai posible crear materiais con propiedades predefinidas mediante a predición e o deseño. En todo caso, quixo deixar claro que a simulación non substitúe en ningún caso á experimentación, senón que é un complemento.

O representante do CIN2 considera que os principais retos da simulación orientada ao campo dos materiais son a integración das escalas de tempo e lonxitude e as simulacións mecánico-cuánticas.

A nivel de necesidades, destacou os avances metodolóxicos, interfaces gráficas para input/output, ferramentas de visualización para análises, infraestruturas GRID, a mellora da eficiencia dos códigos de paralelización para o hardware existente e, para rematar, ferramentas de programación e paralelización que resulten eficientes nas novas máquinas e accesibles para investigadores non especializados en computación.



Fig. 1: MÉTODOS MULTIESCALA. Propagación de gretas en Silicio, (Prof. E. Kaxiras, Harvard).



Fig. 2: POTENCIAIS INTERATOMICOS. Nanoindentation. Priya Vashishta et ao. (U. Southern California)

Rede Galega de HPC

Ramón Doallo, Coordinador da Rede Galega de Computación de Altas Prestacións (Rede GHPC) presentou aos participantes na conferencia os obxectivos e proxectos en marcha desta rede temática fundada en 2007 a través dun proxecto financiado pola Xunta de Galicia. Constituída na actualidade por once grupos de investigación do Sistema Universitario Galego, co CESGA como provedor de infraestruturas HPC e de soporte técnico, nun futuro pretende ampliarse cara a outros grupos de investigación, centros tecnolóxicos e empresas de sectores estratéxicos de Galicia que sexan potenciais usuarios de HPC.

O obxectivo fundamental é establecer colaboracións interdisciplinares en ciencia computacional con requirimentos de supercomputación e difundir as tecnoloxías para o aproveitamento eficiente dos recursos de HPC dispoñibles polos grupos de investigación que integran a rede. A finalidade última destas colaboracións é acadar produción científica conxunta, e o establecemento dunha base sólida de colaboración para concorrer a convocatorias de proxectos de investigación ou redes de excelencia, principalmente da UE.

A formación de persoal investigador predoutoral e/ou postdoutoral para especializalo na aplicación de tecnoloxías HPC ao seu campo de investigación é outra das prioridades establecidas, así como o fortalecemento da base de usuarios de diferentes áreas científicas con requirimentos de tecnoloxías HPC e recursos proporcionados polo CESGA (e en particular o FinisTerrae).

Ver: “Díxitos”, Febreiro 2008, páxina 10.
http://ghpc.cesga.es

Rede de e-Ciencia de España

O Coordinador Científico da Rede de e-Ciencia de España, Vicente Hernández, presentou esta rede como unha iniciativa para fomentar a e-Ciencia desde a perspectiva do Grid e da computación. O primeiro paso que se deu foi a elaboración dun libro branco para detectar necesidades e intereses neste ámbito en España. O resultado foi moi amplo, xa que o estudo englobou desde a Astronomía, a Biomedicina, a Enxeñería de Materiais e a Ciencia da Terra ata a Física, a Química Computacional e un longo etcétera.

A creación dun Programa Nacional de e-Ciencia vén motivada pola necesidade de coordinación global das actividades que xa estaban levando a cabo os investigadores españois en colaboración con proxectos internacionais a través de RedIris e GEANT. Tívose en consideración así mesmo a demanda de desenvolvemento de ferramentas comúns e a necesidade de fácil acceso aos recursos de investigación.

A iniciativa foi aprobada en decembro de 2007 e na actualidade a rede integra máis de 700 investigadores de 68 grupos correspondentes a máis de 40 institucións.

Os obxectivos da rede son a promoción e o desenvolvemento da e-Ciencia en España e a coordinación das infraestruturas españolas desde o punto de vista dos investimentos necesarios, a xestión e o soporte a usuarios. Como fins complementarios Hernández sinalou a intención de que a rede convértase no interlocutor español da e-Ciencia na Rede europea, promover a colaboración con Portugal e Latino América a través do IberGrid, e con outros países e transferir os resultados da Rede española.

Catro áreas

A Rede consta de catro áreas operativas: aplicacións, infraestruturas Grid, infraestruturas de supercomputación e middleware. Ao redor destas áreas pivota a súa estrutura, cun grupo de traballo por cada unha delas.

Polo que respecta á área de infraestruturas Grid, Hernández explicou que se está traballando en establecer unha iniciativa estatal no contexto do Grid europeo coa contribución dos grupos participantes dispostos a compartir os seus recursos de computación. Ata o momento, asegurou, xa mostraron o seu interese en participar 18 centros.

Na área de infraestruturas de supercomputación estase tratando de lograr unha maior cooperación entre a Rede Española de Supercomputación e os centros autonómicos, co obxectivo de que está colaboración se traslade tamén á área Grid.

O grupo de traballo da área de middleware está centrado en definir proxectos estratéxicos para desenvolver novas aplicacións e infraestruturas.

Finalmente, na área de aplicacións a prioridade é consolidar as organizacións virtuais que existen e achegarlles novos socios.

Catro éxitos para catro grandes retos

A mellor demostración de que o Finis Terrae é unha infraestrutura de cálculo a grande escala preparada para facer fronte a importantes requirimentos quedou patente nos seus primeiros meses de operatividade no CESGA, cando durante a súa posta a punto conseguiu dar soporte á resolución de catro grandes retos científicos.

A relevancia destes fitos e a súa representatividade acerca da capacidade do Finis Terrae xustificaron a súa importante presenza na Computational Science Conference 2008. A segunda parte da xornada correu a cargo dos responsables destes catro proxectos, aos que precedeu Aurelio Rodríguez, técnico senior de Aplicacións do CESGA, encargado de presentalos explicando por que foron seleccionados e en qué aspectos representaron un reto para o novo supercomputador.

Os criterios de selección que se seguiron para elixir estas catro iniciativas foron que procedían de campos científicos distintos e de grupos de institucións diferentes e que implicaban unha elevada demanda computacional. Como conclusión, Rodríguez puxo de manifesto que neste momento están a correr novos retos no Finis Terrae. Sobre os xa realizados, explicou que demostraron que a máquina é usable dende o primeiro momento e que apenas se requiriron adaptacións de código nin de reprogramación. Por último, destacou que estes traballos puxeron de manifesto que se logrou reducir o tempo de solución nun amplo espectro de problemas.

RETO 1: "SEPARACIÓN DE FASES"

· Física do Estado Sólido: Deseño de Materiais.
· Departamento de Química Física, Instituto de Investigacións Tecnolóxicas, USC

· Wien2k: cálculos de estrutura electrónica de sólidos utilizando a teoría da densidade (DFT)

· Dous níveis de paralelismo:
  · "Coarse grain": k puntos
  · "Fine grain": Scalapack

Reto interesante porque presentaba dous níveis de paralelismo e requiría bastante memoria de proceso.

RETO 2: "DISTRIBUCIÓN DE PUNTOS NA ESFERA BIDIMENSIONAL"

· I-MATH: Matemática Aplicada (Teoría Potencial e Métodos Numéricos)
· GRUPO VARIDIS: Universidad Politécnica de Cataluña
· Estimación de puntos de Fekete
· Varios paradigmas de paralelización:

· MPI · MPI/OpenMP
· OpenMP · Alto Rendemento

Reto interesante porque permitía practicamente todos os paradigmas de paralelización (MPI, Open MP, MPI/Open MP e High Throughput)

RETO 3: "COMPATIBILIDADE ELECTROMAGNÉTICA"

· Deseño de Estruturas Complexas
· GRUPO HEMCUVE, UVIGO, Universidad de Extremadura
· HEmCUVE++: cálculos electromagnéticos sobre a base de métodos FAST MULTIPOLE
· Varios paradigmas de paralelización:

· MPI · MPI/OpenMP

Reto interesante porque implicaba varios paradigmas de paralelización e unha alta demanda de memoria por proceso que puxo a proba ao Finis Terrae no balance entre o tempo requirido de CPU e a demanda de memoria

RETO 4: "COMPRENDER A MAIORÍA DAS ESTRELAS MASIVAS DO UNIVERSO CON ALGORITMOS XENÉTICOS"

· Astrofísica Moleculare de Infravermello
· Instituto de Estructura de la Materia, CSIC
· Algoritmos Xenéticos: PIKAIA, multimodal, problemas de optimización / FASTWIND
· Esquema MPI "Master" "Slave"

· "Master Task" encargouse das operacións relacionadas con GA
· "Slave Task" para realizar os modelos de cálculo
· 7.000 modelos posibles

Reto interesante porque supuxo un novo esquema de paralelización

Separación de fases: o cuarto problema físico da década

O gasto computacional deste proxecto supuxo o uso 384 cores (24 nodos de 16 cores cada un), cun consumo de memoria de 2-4 GB por estrutura e un espazo en disco de 7-15 GB por estrutura.

Alberto Piñeiro (esq.) e Daniel Baldomir (drta.) do Departamento de Física da USC.

A separación de fases é o cuarto problema físico máis importante da década segundo a American Physical Society (APS). Nos últimos meses, un equipo de investigadores do Departamento de Física da Universidade de Santiago de Compostela (USC) logrou acadar unha conclusión de grande relevancia que achega luz a este problema. Grazas a unha investigación soportada nos cálculos realizados no Finis Terrae, conclúese que a separación de fases magnética por si soa non basta para explicar o problema, senón que para que exista é necesaria unha transición de fases química.

Unha fase (estado da materia) posúe características físicas e químicas relativamente homoxéneas e pode constar dun ou varios compostos. Non obstante, cando as propiedades doutro ou máis compostos difiren en tal grao que deixan de ser compatibles, entón hai separación de fases.

O fenómeno concreto que estes investigadores están a estudar consiste na aparición de distintas fases magnéticas e electrónicas coexistentes nun mesmo material sólido cristalino que se produce por estar este nas proximidades dunha 'transición' magnética. En particular, centran os seus traballos nas manganitas (óxidos magnéticos), co obxectivo de dar cunha explicación ao feito de que nelas a separación de fases se produza en condicións de presión e temperatura constantes.

Aplicacións tecnolóxicas

Segundo expuxo o representante deste grupo, o investigador Alberto Piñeiro, durante a súa intervención na Computational Science Conference, este problema cobrou importancia a partir do descubrimento da magnetorresistencia xigante ou colosal, efecto mecánico-cuántico descuberto por Peter Grünberg e Albert Fert hai vinte anos e que lles valeu o Premio Nobel de Física en 2007. A súa aplicación á informática doméstica en 1997 como base de novos discos duros espertou o interese por resolver esta incógnita, coa vista posta en abrir as portas a unha maior condutividade e, polo tanto, eficiencia, destes dispositivos.

En xeral, as aplicacións tecnolóxicas dos materiais estudados neste reto son o almacenamento de carga eléctrica, o transporte electrónico, os sensores magnéticos e a optimización da tecnoloxía das baterías de dispositivos como os teléfonos móbiles e os ordenadores portátiles.

Tras realizar os primeiros cálculos, o equipo comprobou que a separación de fases por si soa con isomagnetismos non é estable. A continuación, probouse coa inhomoxeneidade química a través de varias configuracións químicas e puídose observar que tampouco era estable. Así pois, concluíuse que un estado intermedio logrado a través dun fenómeno químico consistente en concentracións locais de dopado si explicaba a separación de fases nestes materiais e que isto implica a creación de zonas ricas en ocos e en electróns dentro do cristal.

Alta demanda de computación

O representante do equipo de investigadores que realizou o reto científico co apoio do Finis Terrae explicou que para realizar este traballo necesitarían un cluster típico formado por 20 máquinas durante máis dun ano, pero que co supercomputador do CESGA conseguiron darlle solución en pouco máis dun mes.

Como método computacional, por ser necesaria unha alta precisión, utilizouse a Teoría funcional da densidade, desenvolvida polo Premio Nobel Walter Kohn. Segundo precisou Piñeiro, o programa ao que se recorreu ten máis de 1.200 usuarios en todo o mundo, incluíndo empresas, e é aplicable a multitude de sistemas diferentes, entre os que se atopan os sólidos cristalinos.

José Manuel Gesto Beiroa, do Grupo VARIDIS da UPC, presentando os resultados do reto computacional.

Sétimo problema de Smale

distribución de puntos nunha esfera bidimensional

No ano 2000 o matemático Steve Smale elaborou unha lista dos 18 enigmas máis importantes da súa disciplina que foran quedando sen resolver ao longo da Historia e expúxoos como os grandes retos das Matemáticas cara ao século XXI. O sétimo é o problema dos puntos Fekete aplicado a unha 2-esfera, que fai referencia á distribución de puntos nunha esfera bidimensional.

O reto, que foi executado no Finis Terrae durante a segunda quincena de febreiro de 2008, foi exposto na Computational Science Conference por José Manuel Gesto, que explicou que este traballo contribuíu decisivamente a establecer a plausibilidad dunha solución probabilística positiva ao sétimo problema de Smale.

O cálculo realizado no CESGA grazas ao Finis Terrae abre así a porta á resolución efectiva dun enigma exposto desde fai un século e que terá aplicacións na industria a partir do seu desenvolvemento en Física, Nanotecnoloxía, Bioloxía e Métodos numéricos, entre outras, segundo explicou Gesto.

Segundo Gesto, a cantidade de información recompilada durante as dúas semanas de traballo no CESGA permitiu deseñar modelos teóricos compatibles coas hipóteses do custo polinómico previsto, o que senta as bases para unha resposta ao problema.

O problema dos puntos de Fekete busca determinar a posición dun certo número de puntos sobre un obxecto, de maneira que a enerxía potencial producida pola interacción dos devanditos puntos sexa mínima. Cantas máis partículas ou puntos se inclúan, máis complexo faise o equilibrio.

En termos precisos, o problema consiste en minimizar, baixo restricións xerais, funcionais de enerxía potencial dependentes das distancias relativas entre N puntos ou partículas. En particular, os investigadores do equipo que se desprazou a Galicia centráronse en desenvolver un algoritmo capaz de obter en tempo polinómico en N unha boa estimación do mínimo absoluto asociado á enerxía logarítmica de N puntos na 2-esfera -o tipo de obxecto concreto ao que fai referencia o problema de Smale-, fórmula que puxeron a proba no Finis Terrae.

Pero o seu algoritmo vai máis aló, dando solucións para unha ampla gama de xeometrías e diferentes tipos de interacción entre as partículas. Para demostralo, aplicárono a obxectos como plátanos, mazás ou poliedros. Ademais, puideron comprobar que a súa fórmula posibilita que os tempos de cálculo para obter estas configuracións non sexan moi elevados. Os matemáticos da Universidade Politécnica de Cataluña, consumiron 350.000 horas de cálculo durante a súa estancia no CESGA.

Experimentos a gran escala

"Chegamos ao CESGA con case 9 millóns de datos recompilados nun ano enteiro grazas a un cluster e saímos con 60 millóns ao cabo de quince días". Con estas palabras resumiu José Manuel Gesto o aproveitamento de cálculo que obtiveron do Finis Terrae durante a súa intervención.

O seu traballo no novo supercomputador centrouse, segundo o representante do equipo investigador, en aproveitar o seu potencial para facer experimentos a gran escala para determinar a complexidade computacional do problema de Fekete (concretamente o custo computacional dun mínimo local e a robustez do seu algoritmo) e conseguir a maior cantidade de datos para resolver o 7º problema de Smale.

Electromagnética computacional

O grupo HEMCUVE ++ de electromagnetismo computacional logrou resolver 30 millóns de incógnitas durante a fase de probas do Finis Terrae cunha marca de resposta asociada á utilización dun algoritmo alternativo máis eficiente a nivel de escalabilidade.

Luis Landesa (Universidad de Extremadura) e Fernando Obelleiro (Universidade de Vigo) nas instalacións de Finis Terrae no CESGA

A marca mundial de resolución de incógnitas está situado en 42 millóns e con anterioridade a marca correspondía á mesma cifra alcanzada polo grupo de investigadores que o conseguiron no Cesga, aínda que neste caso acadaronse nunha semana, moito menos tempo que o investido polos seus predecesores.

Fernando Obelleiro, da Universidade de Vigo, durante o seu relatorio na C.S.C. sinalou que o seu obxectivo non era romper a marca mundial, senón comprobar que a súa fórmula permitía mellorar o time-to-solution. Con algunhas melloras realizadas xa desde a culminación do seu reto no Finis Terrae, aseguran que poderían acadar, agora si, unha nova marca con 150 millóns de incógnitas resoltas.

Fast Multipole Method

Este equipo mixto de investigadores Universidade de Vigo-Universidad de Extremadura desenvolveu unha ferramenta de supercomputación electromagnética que permite a resolución de problemas de compatibilidade electromagnética en grandes estruturas dotadas de sistemas de radio, como buques, avións ou vehículos terrestres.

Obelleiro explicou, que de entre todos os métodos de análise electromagnética o dos momentos (MM) é o máis empregado pola comunidade científica en electromagnetismo computacional, xa que posibilita o cálculo rigoroso das correntes eléctricas e/ou magnéticas inducidas sobre as superficies da estrutura.

Tradicionalmente, a excesiva complexidade computacional do método dos momentos impediu a súa aplicación á resolución de problemas de gran tamaño eléctrico. Con todo, o desenvolvemento do algoritmo denominado Fast Multipole Method (FMM) permitiu rebaixar o tempo e, xa que logo, o custo de computación, o que permitiu a aplicación do método dos momentos á resolución de problemas de gran envergadura.

Segundo Obelleiro, nos últimos tempos a comunidade científica vén utilizando preferentemente a variante multinivel do FMM porque presenta vantaxes computacionais fronte á mononivel. Con todo, no seu grupo decidiron centrarse nesta última en vista dos problemas de escalabilidade que tiña a máis xeralizada. “O algoritmo mononivel compensa a súa menor eficiencia computacional cunha mellor escalabilidade, característica que permitiu aproveitar mellor a arquitectura do Finis Terrae. Rompemos o límite do multinivel, establecido en 32 procesadores, chegando a usar 1.024”, explicou o representante do HEMCUVE ++.

A utilización intensiva das capacidades de memoria e de comunicacións do Finis Terrae permitiu ao código desenvolvido polo equipo en base ao algoritmo FMM mononivel acadar os 30 millóns de incógnitas nun tempo moi baixo.

Acento nas Comunicacións:

As características do reto eran, por unha banda, o uso intensivo de recursos (memoria, comunicacións e CPU), e, por outro, a necesidade de centos de GB e de centos de procesadores. Os obxectivos que se propuxeron foron probar o código que desenvolveran, avaliar as capacidades do Finis Terrae, analizar un problema electromagnético formado por millóns de incógnitas e establecer as condicións adecuadas para alcanzar a marca mundial.

Os investigadores do HEMCUVE ++ esforzáronse por sacar o máximo rendemento ao Finis Terrae adaptando o seu método de traballo ás especificacións técnicas do supercomputador. Segundo Obelleiro, “esta é unha máquina estupenda para este tipo de retos. demostrou que ten unha arquitectura perfecta porque a escalabilidade non presenta desfasamentos”. A clave está na interconexión dos nodos, é dicir, nas comunicacións, que permiten que o tempo de solución sexa moi eficiente.

Estrelas masivas: entendelas usando algoritmos xenéticos

Pódense estudar fenómenos tan complexos e afastados como as estrelas aplicando a lóxica da selección natural?

Un grupo do Instituto de Estrutura da Materia do CSIC, en colaboración con varios investigadores tinerfeños, alemáns e holandeses, abordou o estudo das estrelas masivas utilizando a lóxica dos xenes no que foi o cuarto reto científico realizado ata agora con cargo á capacidade de cálculo do Finis Terrae, o único desenvolvido na súa fase de produción efectiva.

O astrofísico Francisco Najarro explicou o proxecto en relación ao que cualificou como "enorme potencial" dun computador como o Finis Terrae para a análise de grandes mostras de estrelas masivas na nosa Galaxia e noutras do universo local. O reto realizado no CESGA está vinculado a un proxecto do Gran Telescopio de Canarias para observar cúmulos deste tipo de estrelas e analizalas mediante algoritmos xenéticos co obxectivo de poder xerar modelos que as caractericen.

Dez veces máis grandes que o Sol

Najarro explicou que as estrelas masivas son as que ao formarse teñen unha masa dez veces maior que a do Sol -e, polo tanto, unha temperatura moito máis elevada- e unha luminosidade 100.000 veces superior á do Sol. Son moi escasas e viven moi pouco tempo (tres ou catro millóns de anos fronte aos máis de 1.000 millóns que vivirá o Sol), pero considéranse moi importantes polo seu papel na evolución das galaxias, o nacemento das supernovas, as explosións de raios gamma, a orixe dos buratos negros e a recente re-ionización do Universo.

Ata hai pouco o método máis seguido para o estudo deste tipo de estrelas era a observación directa a través da espectroscopia cuantitativa, que achega datos sobre o estado, a evolución, a masa, etc. coas limitacións asociadas que iso leva, xa que é moi laborioso e non permite tratar con grandes mostras. O grupo coordinado por Najarro abordou a análise deste tipo de estrelas mediante algoritmos xenéticos, técnicas informáticas que imitan o funcionamento da evolución biolóxica para resolver problemas en disciplinas moi variadas.

Evolución das poboacións

Os algoritmos xenéticos naceron nos anos 70 como unha das liñas máis prometedoras da intelixencia artificial. Operan mediante simulación por computador, por iso é polo que se recorreu á capacidade de cálculo do Finis Terrae para lograr resultados moi fiables en canto á xeración de modelos de análise.
Najarro expuxo o esquema polo que se abordou o estudo, combinando aleatoriamente solucións posibles para producir diversidade e seleccionando as solucións máis aptas, que se volven a recombinar e avaliar sucesivamente a modo de xeracións ata que se consegue a mellor solución.

CASE DESCRIPTION

About 10 parameters coded on 2 digits each: gene length ≈ 20
Model running in 30 min, 50 processors: population size ≈ 100

Random search would take <1.E8 generations> for 1 digit accuracy
Need a high selection pressure to be "fast"

Initial population: each gene value present <pop/base=10 times>
Without mutation all genes are the same after ≈ 50 generations

Mutation needs to be high enough to keep gene diversity
Mutation rate needs to be low enough to allow gene convergence
Uniform mutation --> genetic based adaptative mutation

Mutation rate needs to be low enough to maintain evolution
Full generation replacement --> Steady state replace worst

Fgn= Fgn-1 x Psel x (1-Pmut)+Pmut x pop/base

De esq. a drta. : José Manuel Fernández Labastida, Secretario Gral. de Política Científica do Ministerio de Ciencia e Innovación, Fernando Blanco, Conselleiro de Innovación e Industria; Salustiano Mato, Director Xeral de I+D e Presidente do CESGA; Carlos Martínez, Secretario de Estado de Investigación; Santiago Cortés, Presidente de HP España, Rafael Rodrigo, Presidente do CSIC; e Javier G. Tobío, Director Xerente do CESGA, durante a visita institucional ao Finis Terrae.

CESGA presenta

Superada a fase de probas e coas expectativas do seu período de arranque e axustes amplamente cumpridas, o supercomputador Finis Terrae presentouse en sociedade cunha apertada axenda que durante dous días concentrou xornadas de traballo e actos institucionais. Tras o CESGA Finis Terrae Computational Science Conference 2008, celebrada na mañá do 12 de xuño, a tarde dedicouse integramente aos actos institucionais, nos que medios de comunicación, usuarios, investigadores e autoridades tiveron a oportunidade de coñecer as novas instalacións e os proxectos inmediatos.

Unha vez que os usuarios e demais investigadores chegados de toda España terminaron a visita ás instalacións do Finis Terrae coa que se puxo fin á Conference, chegou a quenda das autoridades. A delegación institucional estaba encabezada polo presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño; e contou coa presenza do secretario de Estado de Investigación, Carlos Martínez; os conselleiros de Innovación e Industria e de Educación da Xunta de Galicia, Fernando X. Blanco e Laura Sánchez Piñón; o secretario xeral de Política Científica e Tecnoloxía do Ministerio de Ciencia e Innovación, José Manuel Fernández de Labastida; o presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Rafael Rodrigo; o presidente do CESGA, e Director Xeral de I+D+i da Xunta, Salustiano Mato de la Iglesia, o Director Xeral de Planificación e Coordinación do Ministerio de Ciencia e Innovación, Juan José Moreno, o presidente de HP España, Santiago Cortés e o director do Área Sector Público de Intel-España, Norberto Mateos, entre outros.

Tras unha breve explicación sobre as capacidades e a estrutura do Finis Terrae a cargo de Salustiano Mato, o grupo fixo un percorrido pola sala de 300 metros cadrados que ocupan o novo supercomputador e os equipos anteriores que se conservaron. O director do CESGA, Javier García Tobío, foi o encargado de mostrar as instalacións á delegación e responder ás preguntas dos asistentes.

De esq. a drta.: Martínez, Blanco, Rodrigo, Tobío e Mato co Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, noutro momento da visita institucional ao Finis Terrae.

FINISTERRAE

Os medios de comunicación tiveron ocasión de participar tamén na visita.

Salustiano Mato, Director Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia e Presidente do Consello de Administración e da Fundación CESGA:
"O Finis Terrae é unha gran achega ao potencial que España pode demostrar no campo da supercomputación e ese é un xeito fantástico de colocar a Galicia no mapa do Mundo".
"Contar con infraestruturas científico-tecnolóxicas como Finis Terrae é fundamental para obter un crecemento económico estrutural que poña á sociedade a salvo das crises e que só virá da man da investigación e a innovación".
"O CESGA foi unha gran iniciativa desde os seus inicios e agora é o momento de recoñecer o labor de todos os que iniciaron esa aventura. Hoxe, co Finis Terrae, gaña o Sistema de Ciencia e Tecnoloxía, gana Galicia e gañamos todos".

Presentación Oficial do FINISTERRAE

Na tarde do 12 de xuño, tivo lugar no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), o acto oficial de presentación do Finis Terrae ao que acudiron máis de 200 invitados. Logo dos discursos oficiais, nos que todos coincidiron en sinalar a nova infraestrutura de cálculo como un fito na potencia de supercomputación española e europea, celebrouse un cóctel na terraza do edificio.

Ademais de parte da delegación da Xunta de Galicia e o Goberno central que previamente visitara o CESGA, estiveron presentes os reitores das tres Universidades galegas -Senén Barro (Santiago de Compostela), José María Barja (A Coruña) e Alberto Gago (Vigo)- e vicerreitores das Universidades de León ou Valencia; a conselleira de Economía e vicepresidenta segunda da Xunta de Estremadura, Francisca Chávez; o director xeral do Centro de Supercomputación de Castela e León, Luís Muñoz; o director do Centro Informático Científico de Andalucía, Juan Antonio Ortega; a directora do Centro de Supercomputación do Parque Científico de Murcia, María Eugenia Requena; a Fundación para o Fomento en Asturias da Investigación Científica Aplicada e a Tecnoloxía, Ángeles Álvarez; o director de Informática do Corpo Nacional de Policía, José Luís Díez Aguado; o director de Informática da Dirección Xeral da Garda Civil, Ricardo Llorente; e outros representantes de Universidades, Centros de Supercomputación e Tecnolóxicos, empresas e Administracións, ademais de numerosos directivos de HP e Intel. As firmas de todos os presentes recolléronse nunha lona xigante na que se solicitou un desexo de futuro para o Finis Terrae.

De esq. a drta.: Norberto Mateos, Director Área Sector Público de Intel; Rafael Rodrigo, Presidente do CSIC; Carlos Martínez, Secretario de Estado do Ministerio de Ciencia e Innovación; Salustiano Mato, Director Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia e Presidente do CESGA, e Santiago Cortés, Presidente de HP España.

Carlos Martínez, Secretario de Estado do Ministerio de Ciencia e Innovación:

"Finis Terrae abre unha nova etapa para a ciencia, a comunidade científica, Galicia e España. Trátase dunha infraestrutura única e singular que supón un fito en Europa pola súa capacidade de cálculo e de computación compartida".

"Esta novidade tecnolóxica vai permitir dar solución a problemas de diferentes áreas que necesitaban da capacidade do novo supercomputador para resolvelos e emprender outros novos aínda máis ambiciosos".

"Quero anunciar hoxe aquí a nova conexión entre a Rede Iris española e a rede portuguesa a través de fibra escura no marco de IberGrid, que terá o seu primeiro tramo entre Tui e Santiago a finais de ano e que co tempo estenderase tamén a Francia".

Rafael Rodrigo, Presidente do CSIC:

"Poucos casos hai tan paradigmáticos de contribución á vertebración do Sistema Español de I+D+i como o CESGA, no que a colaboración entre diferentes administracións mantívose no tempo aínda sendo de diferentes cores políticas".

"Finisterrae abre unha nova etapa para os investigadores do CSIC e das Universidades, á vez que supón unha oportunidade para pór a disposición de moitos outros en España recursos únicos en toda Europa".

Santiago Cortés, Presidente HP España:

"Debemos asegurarnos de que as autoestradas globais da innovación pasen polo noso país. Por iso é tan importante a infraestrutura que hoxe presentamos".

"As redes globais da innovación han de aproveitar o potencial de todos os investigadores e profesionais. Por iso HP está promovendo proxectos nos que os expertos da empresa traballan cos expertos da Universidade e de centros como o CESGA, co obxectivo de crear valor engadido".

Norberto Mateos, Director Área Sector Público de Intel:

"Este proxecto é estratéxico para Intel, que demostra unha vez máis o seu compromiso co avance da I+D+i en Galicia coa súa achega a unha infraestrutura nacida da colaboración entre o ámbito público e o privado, condición fundamental para o avance da Sociedade da Información".

"O Finisterrae é un claro exemplo da filosofía de accesibilidade para moitos investigadores a recursos de computación antes restrinxidos a uns poucos".

Javier García Tobío, Director Xerente do CESGA:

"Hoxe o CESGA ten, grazas ao Finisterrae, unha capacidade 10.000 veces superior á do seu primeiro supercomputador, o que nos permitiu que os 100 grupos de investigación que foron os usuarios iniciais convertéronse en 645".

"O CESGA apostou polo desenvolvemento da e-ciencia, por iso a colaboración e a cooperación están enraizadas a nosa filosofía de actuación. O desenvolvemento da ciencia, como motor do benestar social, non debe ter fronteiras".

HP e Intel revelan o seu roadmap

Medio centenar de representantes de empresas, centros tecnolóxicos, universidades e administracións de toda España asistiron o 13 de xuño á xornada de presentación dos plans estratéxicos do CESGA e dos seus dous socios tecnolóxicos no Finisterrae: HP e Intel. Con esta sesión, celebrada no salón de actos do Instituto de Investigaciones Agrobiológicas do CSIC, e unha visita guiada para os asistentes pechouse o programa de traballo organizado ao redor da inauguración oficial da nova infraestrutura de cálculo galega.

O director do CESGA, Javier García Tobío, presentou o plan estratéxico do centro para o período 2008-2012 precisando que o novo supercomputador foi un fito, ?pero nós xa estamos traballando no futuro?, en referencia a que xa se están definindo as liñas mestras do plan estratéxico que se porá en marcha logo de 2012.

Asegurou que a pesar de multiplicar a capacidade de cálculo do centro por 10.000 desde a súa creación ata a actualidade, "sempre imos por detrás do que a comunidade investigadora demanda, de aí o noso compromiso coa mellora continua e sempre pensando en clave de futuro".

O reto do Finisterrae

A posta en marcha do novo supercomputador do CESGA supuxo un reto para HP, segundo explicou o seu director da área HPC, Isidro Cano. Concretamente, implicou deseñar novos produtos en exclusiva; ampliar a corrente eléctrica da súa fábrica en Alemaña; coordinar equipos de enxeñería, supply chain, fábrica, preventa, etc; e "ser os primeiros no mundo en moitas cousas e crer niso".

Sobre o TOP500, (ranking semestral dos supercomputadores máis potentes do mundo) Cano asegurou que HP conta co maior número de rexistros en total e xustificou a súa aposta por esta área afirmando que o mercado de HPC xa supón o 9% do mercado mundial en informática.

Segundo Cano, os retos da supercomputación son: o crecemento, "porque non hai suficientes recursos para atender aos usuarios"; os custos, xa que "as novas tecnoloxías prometen aforros ligados ao retorno do investimento"; e os riscos, "polo que é importante contar con equipos que teñan experiencia".

Hewlett-Packard inviste 3.600 millóns de euros en I+D cada ano. Actualmente están investigando en chips de 256 cores, arquitecturas avanzadas con mellores interconexións, programas de software para optimizar os multinúcleos, dense computing (maior rendemento a menor prezo e en menos espazo), aceleradores matemáticos aplicados ao mercado do cálculo, redución do cableado en instalacións grandes e eficiencia en consumo e refrixeración. Un dos seus principais obxectivos é potenciar os instrumentos que crearon para fomentar a colaboración entre os seus clientes, como a HP-CAST IBERIA, asociación de usuarios de supercomputación de HP de España. Ademais, puxeron en marcha a Fundación I+E para empresas estranxeiras que teñen centros de I+D en España co obxectivo de que cada vez sexan máis. Tamén recordou que teñen aberto o seu programa Innovation Research, a través do que o HP Lab propón temas de investigación que lle interesan, convoca unha selección de ideas e financia as que máis se achegan aos seus obxectivos.

Do Itanium ao Kittson

O director de tecnoloxía de Intel, Antonino Albarrán, quixo destacar o compromiso da súa empresa coa supercomputación e co I+D. Os principais fitos aos que fixo referencia no ámbito da investigación e o desenvolvemento en High Performance Computing (HPC) por parte

De esq. a drta.: Norberto Mateos, Director Área Sector Público de Intel-España; Santiago Cortés, Presidente HP España; Salustiano Mato, Presidente do CESGA e Javier G. Tobío, Director Xerente do CESGA, durante a rolda de prensa para medios internacionais celebrada ao comezo da xornada.

de Intel foron a redución do consumo, o investimento en novas interconexións, a localización de centros e plataformas de referencia en supercomputación en todo o mundo e o aumento do número de expertos neste campo no seu persoal.

Albarrán precisou que o 70% dos sistemas presentes no TOP500 levan procesadores Intel e que este índice vai en aumento. "A supercomputación é un área estratéxica para Intel na que seguiremos investindo".

O representante de Intel recordou que tras os petaflops virán os exaflops, os zetaflops e a continuación os yotaflops, deixando claro que "isto non se para e nós tampouco imos facelo porque hai disciplinas como a Xenómica e a Medicina que o van a necesitar".

Sobre o futuro dos seus procesadores, Albarrán explicou que a xeración actual de sistemas para supercomputadores, os Itanium (implantado no Finisterrae), están sendo mellorados para lograr un maior rendemento, máis robustez e mellor eficiencia enerxética. Estas optimizacións materializaranse a finais deste ano nunha actualización que se chamará Tukwilla, á que en 2011 seguirá Poulson, con máis procesadores por núcleo. Aínda sen data prevista de saída ao mercado as melloras continuarán con Kittson, a novena xeración de procesadores Itanium.

Os investimentos de Intel no campo da HPC estanse centrando en aumentar a capacidade de fabricación; en seguir avanzando na Lei de Moore (cofundador de Intel, que formulou unha lei segundo a cal aproximadamente cada dous anos duplícase o número de transistores nun circuíto integrado); en integrar o prototipo de 1 teraflop nun só chip; en terabytes de ancho de banda; e en comunicacións ópticas dentro do propio procesador.

Salustiano Mato, Presidente do CESGA e Santiago Cortés, Presidente de HP España, durante a xornada.

O CESGA crea grupos de traballo para atender as suxestións dos usuarios

Grupos de traballo de usuarios e membros do equipo técnico de CESGA comezarán a traballar en breve para dar solucións ás propostas de mellora xurdidas da última enquisa de satisfacción elaborada a partir das consultas realizadas aos responsables dos grupos de investigación que efectúan operacións de cálculo e almacenamento no CESGA.

A posta en marcha destes grupos mixtos foi a principal decisión adoptada no marco da xornada de traballo celebrada a finais do mes de xuño para que os coordinadores de área coñecesen e analizasen en equipo os resultados da enquisa e propuxesen melloras operativas baseándose nos problemas identificados. Unha vez presentadas as conclusións do estudo de satisfacción ao equipo técnico do CESGA, analizáronse os problemas identificados e se estableceron prioridades en torno ás cuestións máis significativas.

A celebración da sesión e a decisión de crear estes catro grupos iniciais de traballo inscríbense no marco da política de mellora continua e a vocación de priorizar o servizo ao usuario do CESGA e responden ao compromiso coa calidade derivado da obtención, hai tres anos, da ISO 9001:2000.

A conclusión xeral do estudo de satisfacción dos usuarios, é a percepción moi positiva da calidade e do servizo. A taxa de resposta foi moi elevada, o que se interpretou polos expertos encargados da enquisa, como un indicador do vínculo de confianza que se estableceu entre o centro e os seus usuarios.

A valoración positiva das canles de comunicación revela un peso elevado do factor persoal, principal vía de contacto entre os usuarios e os técnicos do centro. Esta valoración baséase no esforzo de atención personalizada que realiza o centro. Non obstante, os usuarios máis intensivos demandan avanzar en servizos electrónicos de comunicación que superen as demoras de resposta asociadas ao e-mail, como por exemplo sistemas de mensaxería instantánea, posibilidade que será estudada.

Sistema de colas

A percepción xeral dos usuarios sobre a información e a xestión do sistema de colas é de transparencia por parte do centro. As demandas de mellora diríxense a optimizar o sistema de xestión nos puntos nos que se poida evitar a variabilidade no ritmo e a saturación de colas. Os usuarios perciben ademais unha boa capacidade e tempo de resposta ante incidencias, aínda que demandan maior formación e que o centro fomente as colaboracións entre eles.

Diversas áreas temáticas centrarán o traballo dos grupos mixtos técnicos-usuarios, adiantándose xa na sesión durante a que se decidiu crealos, posibles actuacións estratéxicas por parte dos técnicos que maior capacidade de actuación teñen en cada un dos ámbitos de referencia. No futuro, constituiranse os grupos dende unha perspectiva que transcenda os muros do centro para ter a posibilidade de atopar solucións dentro e fóra.

Papers on Computational Science

TER@TEC: an European Eco-System For High Performance Computing

by Christian Saguez, President of TER@TEC

High Performance Computing is one of the most important areas for Science and Industry in terms of capacity of innovation and competitiveness. In order to federate the main industrial and academic actors and to be at the best worldwide level in terms of scientific and technological research and economical development, the European initiative TERATEC was launched in mid 2005. After two years of development, TERATEC is now able to propose all the infrastructures for the future European Petascale Systems and to welcome research laboratories and companies in a new campus located in the south of Paris. Large collaborative research projects, especially with the French Cluster for Competitiveness System@tic, in the area of Architecture, Networking and Application Software have been launched. In this paper, we present the motivation and the objectives of TERATEC.

1 – High Performance Computing: a European priority

Developing capacities of innovation and increasing competitiveness are for Europe two main strategic challenges both for Science and Technology and for Industry and Services. Two characteristics of the new environment of this century are: firstly, that we have to control larger and larger amounts of numerical information; and secondly, that the systems that we have to analyse, design, manage, are more and more complex. In this context, modelling as well as simulation technologies and tools, and high performance computing systems are the key components to address to these challenges.

The following examples illustrate these general considerations:

i) The design and the life cycle management of new products, systems or services

The objective is now to design new planes or new cars, using only virtual prototypes in a collaborative way, as it was been done for the new Falcon 7X plane of Dassault Aviation. The situation is similar for global systems such as transportation systems, retail systems, multimedia networks or financial or insurance products.

ii) The study of interaction problems in Biology and the design of new molecules. The objective is to build C.A.D software for new molecules and medicines by using data mining techniques and dynamic simulation of large amounts of information.

iii) The study of new innovative materials. Materials science is one of the major challenges for research and industry. We have to perform large multi-scale and multi physics simulation from ab initio simulation to continuous mechanics simulation.

iv) The indexation and spreading of large multimedia databases, including texts, images, videos… Domains such as virtual libraries, access to multimedia documents… are challenges for our society and also a crucial instrument for the promotion of our artistic, scientific and technological cultures.

v) Sustainable growth, environmental simulation, global change study in climatology, risk analysis and management... are other important examples for which HPC Simulations are fundamental in order to understand, propose and validate original solutions.

In order to address these problems and many others, the availability of High Performance Computing facilities (Hardware and Software) is fundamental. New innovative capacities, technological breakthroughs, decrease of financial costs and design time, or differentiation from competitors are some of the advantages immediately reachable with HPC. Therefore, HPC is probably the most important element for industry and services competitiveness. It strongly impacts all the challenges for the 21st century society, such as Energy, Environment, Sustainable Growth, Health, Risk analysis, etc.

HPC **must be**, as in USA and in Japan, **one of the priorities of Europe**. If not, our economical and scientific development and our independence will be surely compromised.

2 - TERATEC – Objectives and present situation

Taking into account the previous analysis, the TERATEC association, following an idea of CEA, was founded in 2005 as an European cluster dedicated to high-performance computing, in order to:
+ create, in a single location, all necessary infrastructures for operating petascale computers and for welcoming laboratories and industrial companies.

+ give access to the most powerful HPC Systems (Hardwares – Softwares – Networks) to a large community of users, in particular SMEs.

+ federate the major HPC actors, academic institutions and industry companies, technology and service providers, end-users ...

+ initiate and coordinate important collaborative R&D projects in order to gather all the competences to build and manage HPC Systems and related software.

+ promote HPC technologies, especially for SMEs, and to incubate new start-up companies.

+ participate in learning activities for future engineers and long life education courses.

After two years of activities, the first results are extremely positive, prove the efficiency of the model and confirm the needs of the HPC communities:

1 – The available computing power is now more than 100 Teraflops (150 Teraflops in 2008) and we expect at least 2 Petaflops with a 10 Petaflops forecast by the end of 2009.

"HPC is now of a strategic importance, but it should turn to be a high priority in Europe"

2 – The number of members of the association is rapidly growing with participation of providers and end-users, of research institutions and industry and services companies.

3 – We started building all the infrastructures for petascale systems (building of 6500 m2) and new office buildings (~ 15 000 m2) for laboratories and companies. All these infrastructures will be available before the end of 2009.

4 – We launched numerous large collaborative R&D projects, especially in strong connection with the cluster competitiveness System@tic and with important financial support from national and local administrations for a global budget of more than 50M€

POPS

This aim of the POPS project is to develop a new generation of high-power Petaflops-capacity applications, and to validate the associated computing servers.

The POPS project enable companies and research centers to start preparing now for tomorrow's parallel applications, so they can benefit from the power that future supercomputers will offer as soon as they become available. The POPS project therefore offers enterprises particularly small to medium-sized businesses and the research partners involved in the project, the opportunity to look several years ahead.

POPS is including the following features:

- Hardware, Architecture, Integration and Performances

- Software Development and Tools

- High Performance Computing Applications

- Information Modeling – Data management and processing

- Petaflopic Simulation

POPS project is leaded by BULL and gathers 20 partners from industry and research in the frame of competitively cluster System@tic.

EHPOC

This project EHPOC is dedicated to the development of platforms and numerical tools (algorithms…) for global optimization of multiphysics and multiscale complex systems. EHPOC is including the following features:

- industrialization and customization of the numerical tools performance computing applications for example, the pre and post-processing tools

- development of multidisciplinary optimization tools

- introduction of the uncertainties inside the simulations

- optimized links between CAD and CAE

- customization of the numerical tools to the future multi-core and massively parallel architectures

The project is coordinated and managed by CS Communication & Systems (IT services company involved in HPC) in the frame of competitively cluster System@tic.

The project includes real-life demonstrators. These demonstrators will be focused on one hand onto advanced materials applications (durability and aging, multi-materials assemblies, computer-aided design of new nano-structured artificial materials) and on the other hand onto grand challenges high performance computing applications (ultra large-scale CFD, structural mechanics, crash, plasma , etc… applications). The main partners of the project are the members of the Teratec association involved in high performance computing (industrial partners, ISVs and research laboratories)

CARRIOCAS

CARRIOCAS studies and implements an ultra high bit rate optical fiber network able to answerr the scientific and industrial needs in interactive numerical simulations on remote supercomputers and in treatment of very large volumes of distant data. The objective is to elaborate the best technical and economical solutions to adapt ultra high bit rate telecom networks to the requirements of these applications, that is the adaptation of the high bit rate transport physical layers, of the protocols and algorithms in order to dynamically manage the resource allocation and to guarantee the expected quality of service.

Project results are validated on an experimental network with bit rate per wavelength up to 40 Gb/s, interconnecting in its initial phase four major locations in the south west of Paris (including Ter@tec computing center in Bruyères le Châtel). It will enable in particular to evaluate two applications developed by the project: Treatment of massive volumes of data via a distributed file system and remote collaborative high resolution visualisation involving a 20 Mpixel picture wall. It will allow the industrial and academic partners of the project, and later on others interested partners in domains such as energy, avionics, pharmaceutical, finance, etc to confirm the expected benefits of high bit rate connectivity for high performance distributed applications.

CARRIOCAS project, leaded by Alcatel-Lucent, gathers 25 partners in the frame of competitivity cluster system@tic.

"TERATEC has proved to be, two years after its creation, the success of its eco-system model"

5 – We participate in the European Project PRACE under GENCI (Grand Equipement National de Calcul Intensif) coordination.

6 – We are associated with three master degrees specialised in HPC, in cooperation with the most prestigious education institutions in Paris.

7 – Every year, we organise a European HPC forum (conferences – symposia and exhibition). The next one will be held June 3-4 near Paris at Evry (France) and we participate in a lot of dedicated forums or congresses.

8 – We had important discussions with our colleagues from USA and Japan, and with the major European initiatives.

We expect to contribute actively to the HPC activities in Europe with such activities, creating an ecosystem strongly involved in the Research and Economical challenges.

Europe's background in Applied Mathematics and Computer Sciences is worldwide recognized. HPC is one of the key areas for competitiveness and innovation, both for scientific challenges and for industry and services. We need to transform these facts into successes. **HPC is now of a strategic importance, but it should turn to be a high priority in Europe**, as it is in USA and in Japan, for it is fundamental in all the major challenges of the 21st century. In order to achieve that, important R&D activities with adequate financial support are necessary, both for basic technologies (hardware – software) and for applications. We also need to have access to the most powerful systems in terms of computing power, storage capacities and networking.

TERATEC has proved to be, two years after its creation, the success of its eco-system model. It is ready to contribute actively with other European initiatives to achieve the necessary success of HPC in Europe. It will propose the best computing facilities, it will continue launching initiatives for studying major scientific and industrial challenges and it will participate to the development of the HPC economy.

HPC is a need and a chance for Europe.

A Forward Look exercise on computational sciences infrastructures

by Simone Meloni, Scientific Officer of the ESF Forward Look on "European Computational Science: The "Lincei Initiative": from computers to scientific excellence".

In the past decades, most of the European countries have established an infrastructure for computational sciences, that is scientific research conducted by means of computers. So far, these infrastructures consisted of large computer facilities with some limited technical support for porting scientific codes on a specific machine. The situation is quite similar outside Europe. Scientists and funding agencies of these countries are now reflecting on the adequacy of such a kind of infrastructure for supporting computational sciences of the next decade. The European Science Foundation, in collaboration with several national institutions and European networks, has promoted and funded a foresight study named "Forward Look on European Computational Science: "the Lincei Initiative": from Computers to Scientific Excellence". The aim of this Forward Look is to analyse the current state of the computational infrastructures in European countries and propose recommendations for its evolution in the coming 10 to 20 years on the basis of the foreseen scientific and technological evolution.

Seven workshops involving European top researchers in materials sciences, nanotechnology, astrophysics, chemistry, engineering, climatology, biology, physics, meteorology and other disciplines have been organised. Representatives of supercomputer centres and major ICT companies have also participated to these workshops. It emerged that multi-disciplinary multi-scale simulations will be the major scientific challenge of the next decade. In multi-disciplinary multi-scale simulations, techniques developed in several disciplines and models at different scales in space and time are combined for simulating real complex systems at an affordable computational cost. A typical perspective offered by multi-disciplinary multi-scale approach is that of the simulation of a living cell. In this case, very accurate atomistic simulations are needed to simulate chemical reactions, like production of proteins in ribosomes. At the same time, continuum models can be used to simulate the effect of solvent (water) in regulatory processes, like in proton diffusion across cell membranes. All these information can be combined into a model of the life cycle of cells under different condition without carrying out any real (expensive and, sometimes, ethically problematic) experiment. It is also expected that experimental data will be directly used in computer simulations in the future. Indeed, this is already done, for example, in climatology, meteorology and astrophysics. At the same time, since computational sciences are still rather young, new methods and algorithms will also continue to emerge within each single discipline and time/space scale.

On the same foot, experimental and simulation data need to be made accessible to the scientific community at large, not only to the members of the scientific institution were data have been produced. For example, the Virtual Observatory is a first attempt to make theoretical and experimental astrophysics data available worldwide using standard metadata, data and file format. This will help interoperability with simulation codes.
Unfortunately, current scientific application software and archives seem not adequate to meet these challenges. The main reason of this inadequacy is the model of development, maintenance and support. In fact, these tasks are actually carried out by scientists themselves. This often results in software that is not flexible and unable to interoperate with codes other codes. At the same time, often this software is not able to exploit the performances of best-in-class supercomputers. The result is that typically scientific codes have a short life cycle. In addition, the time invested for developing and maintaining scientific codes and archives is not rewarding for the scientific career and this makes this task, and the hard work of acquiring the needed IT expertise, little appealing.
In addition, scientific codes are not able to exploit performance of modern supercomputers, which are expected to reach petaflops in few years. The situation is expected to become even more complex with the advent of "exotic" architectures, such as GPU (Graphic Processing Unit), for scientific and technical computing.

On the basis of this analysis, this Forward Look proposes to make management of scientific codes and data archives part of the (future) European Computational Infrastructure. Of course, the initial stage of software development has to remain part of research activity. So, while implementing the initial version of an algorithm for demonstrating its accuracy or effectiveness is still a research duty, the inclusion of its generalised version into community codes is a technical task that should be accomplished by professionals.

In order to achieve these objectives, this Forward Look envisages an extension of the current infrastructure based on three pillars:

- standardisation
- development and maintenance of codes and archives
- training and support

Some standardisation is needed as it is the lack of standards that makes difficult code interoperability among them and with experimental data. Design and development of well engineered scientific codes should be zcarried out by software engineers and IT experts. This will improve flexibility by improving modularity, a key factor as scientific codes are in continuous evolution with new algorithms and models being inserted every week. Thanks to a modular design, scientists could easily insert the initial version of their novel algorithm into codes that already provide the other modules needed for the complete simulation. Modularity will also improve performance. For example, it would be possible to optimize an algorithm for specific computer architecture, adopting new programming languages if needed. Analogous considerations hold true also for data. A proper use of such complex software and archives requires regular courses and day-by-day support. So far, the scientists, sometimes receiving some support from scientific networks, have provided these services voluntarily. However, this is insufficient and, in practice, the presence of a proper support structure will be one of the major promoting factors in the adoption of computational tools by the scientific community at large, including experimentalists, and by industrial partners.
Of course, all this should be coordinated at a European level, as science is already organised at this level.

In conclusion, European scientists feel that the computational infrastructures need some restructuring, complementing the current infras-

"... standardisation is needed as it is the lack of standards that makes difficult code interoperability"

tructures, oriented toward the provision of hardware, with a second leg oriented toward design, development, maintenance and support of scientific application software and data archives. If such an infrastructure would be in place, not only the scientific community would unlock its power but also collaboration between academic institutions and private companies would be improved.



A picture "summarizing" Computational Sciences.

Computer -Aided Drug Discover Efficiency Requirements in the U

Anna Maria Bianucci[1], Emo Chiellini[2*] and Ilaria Massarelli[2]

[1] Department of Pharmaceutical Sciences,University of Pisa, Via Bonanno Pisano, 6 56126 Pisa - Italy
E-mail: bianucci@farm.unipi.it

[2] Laboratory of Bioactive Polymeric Materials for Biomedical and Environmental Applications (BIOlab) - UdR INSTM, Department of Chemistry, University of Pisa, Via Vecchia Livornese 1291, 56122 S. Piero a Grado, Pisa - Italy
E-mail: emochie@dcci.unipi.it

Abstract

A brief survey of the Computer–Aided Molecular Design applied to drug discovery (CADD), with specific consideration on the efficiency requirements in the use of software tools, is reported.
The focal point in CADD, also implying the prediction of Absorption, Distribution, Metabolism, Excretion and Toxicity (ADMET) of a drug candidate, is approached by a combination of structure-based and ligand-based (QSAR) methodologies.

1. Introduction

